


## Agro



### **pac**

Os cambios que trae a nova normativa europea

### **entrevista**

O asturiano Javier Freije foi o último xuíz da Moexmu

### **leite**

Analizamos a situación actual do sector cos sindicatos

### **apicultura**

Entrevista ao produtor vilalbés Iván Díaz Souto

### **servizos**

Os grupos de empresas que nacen vinculadas ao rural

### **ferramentas**

As grandes protagonistas do mercado de primavera

**xelda**  
EIDO RURAL

ENXEÑERÍA · GANDERÍA · DESENVOLVEMENTO RURAL  
RÚA SAN ROQUE, Nº 2 MEIRA (LUGO) 982 35 69 79



# AS AXUDAS DA PAC

## Os cambios que trae a nova normativa europea

### Co Fogga, o MAPA e dúas asesorías da Terra Chá, facemos un percorrido polo Plan Estratégico 2023-2027

Moitas son as persoas propietarias dunha explotación agrícola e/ou gandeira que xa están xestionando toda a burocracia que deben pasar para poder adherirse ao Plan Estratégico da PAC (Política Agrícola Común) 2023-2027, que presenta unha serie de requisitos para poder sufragar os gastos que xera a actividade económica ligada ao sector primario. Este Plan contén as intervencións para acadar os obxectivos da política común de todos os países da Unión Europea que dirixe o sector agrario e ao medio rural. Así, co fin de cumprir o Pacto Verde Europeo,



o Plan Estratégico analiza as necesidades do sector co fin de desenvolver a agricultura, a alimentación e as zonas rurais de forma sostible para garantir a seguridade alimentaria da sociedade a través dun sector competitivo e un medio rural vivo, tal e como indica o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga). Pola súa parte, desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), sosteñen que a PAC ofrece un

firme apoio aos agricultores e agricultoras, tratando de proporcionarlles un nivel de vida razoable. Por tanto, a PAC ofrece estabilidade nos ingresos, proporciona seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario. Deste xeito, o apoio da PAC favorece o mantemento da actividade agraria en particular, pero tamén do sistema agroalimentario no seu conxunto. Ademais, inclúe unha condicionalidade reforzada que esixe o cumprimento dunha serie de requisitos mínimos para acceder ás axudas. Entre eles está manter unhas boas condicións agrarias e ambientais (BCAM). De non cumprirse, podería haber penalizacións e incluso a perda do dereito á percepción da PAC por parte da explotación. Na actualidade, as crecentes preocupacións sobre o cambio climático, a biodiversidade e a seguridade alimentaria impulsaron unha reforma desta política para adaptala aos retos do século XXI. Así, o 31 de agosto de 2022, a Comisión Europea aprobou o Plan Estratégico da

PAC de España, sendo un dos primeiros Estados membros en lograr a aprobación do plan. Posteriormente, o 30 de agosto de 2024, a Comisión aprobou a segunda modificación do Plan Estratégico, versión actualmente en vigor.

#### CONSECUENCIAS DA REFORMA

O Plan Estratégico da PAC inclúe as intervencións ou medidas que se aplicarán en 2023-2027 para dar resposta ás necesidades do campo español e así alcanzar os obxectivos da PAC e a ambición do Pacto Verde Europeo. Coa reforma da PAC 2023-2027, establécese un novo enfoque no que os Estados membros deben definir os detalles das intervencións ou medidas da nova PAC a través dun plan estratéxico. Esta estratexia única, que abrangue todas as intervencións da PAC, implica unha maior coherencia entre elas. Ademais, nesta reforma outorgouse maior flexibilidade para adaptar as medidas da PAC ás particularidades nacio-



caixaruralgalega.gal



> Síguenos!   

Comprometidos  
contigo!







nais e rexionais dos Estados membros. Tamén inclúe a ampla análise na que se baseou o deseño das intervencións, que consistiu nun diagnóstico e análise das necesidades do sector agrario e do medio rural no seu conxunto, vinculadas a cada un dos obxectivos da PAC. Nesta análise tivéronse en conta aspectos tan variados como as condicións agrarias, económicas, sociais e ambientais de España. Ademais, conta coa planificación das metas a alcanzar, a planificación financeira e unha descrición do sistema de xestión, control e seguimento do Plan.

A CAMPAÑA DA PAC

A campaña para solicitar as axudas da PAC remata o 30 de abril e asesorías como Xister e Xelda, na Terra Chá, xa senten a presión á que se ven sometidos pola cantidade de axudas que teñen que xestionar en pouco tempo. “Lévanos arredor de hora e media ou dúas horas

procesar cada PAC, e son moitos os traballadores do campo os que nos veñen pedir que llo fagamos, porque é un proceso complicado”, explican. Así, no caso de Xíster, comentan que os novos cambios da PAC non supuxeron “grandes diferencias, porque aquí na Terra Chá sobre todo hai gandeiros que practican o pastoreo, pero si que hai cambios naquelas explotacións que teñen terras de cultivo, xa que a BCAM 7 obriga a elixir entre facer a rotación de cultivos ou facer diversificación e para a xente que bota o millo maioritariamente na superficie da súa explotación é un problema”. Tamén, indican, xera problemas archivar os novos recintos non declarados outros anos, porque “para poñelos hai que ir sacar fotografías de campo, como cando cambias de cultivo, ou se hai un cambio no tipo de campo ou auméntase a porcentaxe dos pastos... Esas cousas dan problemas porque a xente ten que especificar todo, pero se o fan, é que compensa economicamente pasar por este

trámite”, sosteñen. Ademais, para que che dean esa axuda, hai que cumprir uns requisitos. No caso dos gandeiros que fan pastoreo, deben facelo durante 90 días como mínimo ao longo do ano, así como os animais deben pasar por todas as parcelas da explotación. Con respecto ao ecorrédime, hai sega sostible ou seco réxime, que permite elixir entre dúas opcións: a sega sostible ou a illa de biodiversidade. A sega sostible implica que durante dous meses seguidos, maio e xuño, ou xullo e agosto, non se pode segar. A illa sostible, pola súa parte, implica que un 4 % da superficie de sega declarada na solicitude débese deixar sen segar desde o 1 de xaneiro ao 31 de agosto, esta superficie pode ser nunha soa parcela, varias ou zonas das parcelas que se definan como tales illas de biodiversidade. Ademais, pódense catalogar como elementos da paisaxe algúns arbustos ou árbores que poden formar parte desa parcela de biodiversidade.

Con todo, recoñecen que o tempo que dan para desenvolver esta campaña é “curto, xa que nós temos que tramitalas nese prazo e o tempo é o que é. Aínda que logo ata finais de maio hai un prazo de modificación, no que se pode meter ou sacar parcelas ou solicitar outras axudas asociadas ás parcelas”, destacan. Este problema é compartido pola asesoría Xelda, que lamenta que “todos os anos amplían o prazo, pero este ano é un problema para nós porque non hai moito tempo e porque non funciona ben a aplicación, vai haber unha actualización e non podemos rexistrar as cousas. Ademais temos que meter datas de inicio e fin de cultivo, así como de pastoreo e dos pastos, datos que ás veces os gandeiros non saben, porque quizais teñen un prado desde que teñen desde pequenos. Son datos que non teñen sentido”. No caso desta asesoría, tamén teñen unha maioría de casos no que os gandeiros solicitan as axudas por pastoreo, e des-

tacan que incluso teñen casos de persoas que “pastorean todo o ano”, polo que cumpren cos requisitos. Porén, din que hoxe en día págase menos pola superficie que antes co Pago Verde, o que supón que os solicitantes das axudas deban solicitar outros montantes económicos dentro das axudas. Ademais, poñen o foco na problemática que experimenta este ano a Terra Chá, xa que “tivemos un problema grande pola cantidade de chuvia que tivemos, o que provocou non poder sementar. Ao non poder sementar cebada tradicional e agora querer cultivar o millo, isto non cumpriría o BCAM7, polo que estamos intentando que os propietarios das explotacións agrícolas poidan rexistrarse canto antes e falar cos técnicos para que vaian á explotación e que se poida facer unha excepción con esas PACs para que non lles penalicen”, explican. “Sobre todo -engade- é importante sempre facer as fotos e rexistralo todo na aplicación para que se poida facer unha excepción”.



SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA  
HIDRÁULICA  
TRANSMISIÓN  
HERRAMIENTAS  
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS  
MUELLES  
CORREAS  
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni  
CEPSA BCS  
PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee  
Nothing but HEAVY DUTY.

**RVS SESACAR**  
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com



# GANDO VACÚN

## Javier Freije, último xuíz da Moexmu

“É unha profesión que, en principio, seduce, pero para chegar a ser xuíz son moitos anos de formación”

A Moexmu viviu unha nova e exitosa sesión, na que participou Francisco Javier Freije Freije como xuíz. É propietario de Casa Roxo en Vegadeo (Asturias), unha explotación gandeira de carácter familiar, con 190 cabezas de gando (94 en ordeño), unha produción media de 11.620 kg. de leite e unha media de cualificación de 83 puntos. Casa Roxo é a segunda explotación por ICO do Principado.

A súa experiencia como xuíz é ampla. Freije é Xuíz Nacional de Conafe en activo dende 2004, ano no que acudiu á Moexmu por primeira vez. Dende dita data, xulgou numerosos concursos, en Asturias, Castela León, Mallorca, Guipúzcoa, Cantabria, Tolosa, entre outros. Tamén estivo en tres ocasións anteriores na Moexmu. Foi director Técnico da XXXVII Escola de Xuíces Gandeiros celebrada en el Valle de Los Pedroches (Córdoba) e da XXXIX Escola de Xuíces Gandeiros celebrada en Cantabria en 2022. En Portugal xulgou en varias ocasións, dende o concurso de Agrolite en 2005, ata o último, que foi en 2023.

**Ten unha relación moi directa coa Moexmu, xa que estivo moitas veces. Como a ve?**

Aparte de ser o xuíz do concurso en varias ocasións, tamén son un espectador asiduo desde hai moitos anos e é fácil constatar que existe unha implicación moi grande, entre os gandeiros e a organización nesta feira. Véxoa como un recoñecemento social ao sector agrogandeiro, da importancia e o arraigamento que

ten en Galicia en xeral e na Terra Chá en particular. O secreto do seu éxito é que non perderon a súa esencia, e segue sendo unha festa do sector.

**Tamén é gandeiro coa súa propia explotación. Como ve o sector agrogandeiro?**

Aínda que ben é certo que actualmente gozamos dun momento máis ou menos positivo e a curto prazo todo parece indicar que as perspectivas son boas, dubido que sexan o suficientemente boas para paliar todos os agravios e danos que sufriu este sector historicamente tan deostado social e politicamente.

**Que futuro ten? Hai unha substitución xeracional ou a xuventude segue a escapar do rural?**

Eu diría que si... pero tamén diría que o que lle queiran dar a nivel político e de prezos. O futuro baséase en opcións, se non tes onde escoller agárraste ao que sae, en cambio se tes varias opcións de futuro, escollerán a mellor. Traballemos para que sexa unha boa opción.

**Que cousas quedarían por facer?**

Para que exista futuro no sector, temos que traballar en catro piares fundamentais. Por unha banda un recoñecemento social, abastecemos ás cidades, alimentamos o mundo, merecémonos un recoñecemento e prestixio como profesión. Tamén traballar no reto ambiental, algo que ten que ser para todo o



mundo, Europa dedicouse a poñer tapóns pegados ás botellas e os demais países pásannos por riba. Engadimos tamén a substitución xeracional e man de obra, xa que temos que ter horario e soldos máis que dignos. Finalmente, traballar na viabilidade, como calquera negocio, se non é viable non se sustenta no tempo, e aquí tanto o gandeiro como os seus empregados teñen que gañar moito diñeiro, senón, nin haberá gandeiros nin obreiros. A sociedade quere traballar menos e gañar máis, porque temos que seguir sendo unha excepción?

**Cóntenos un pouco como se chega a ser xuíz. Que requisitos fan falta?**

Para ser xuíz é necesario realizar uns cursos denominados Escola de Xuíces, que a propia asociación Frisona Española imparte. Adóitase celebrar un ao ano e tes que ter 5 cursos aprobados cun mínimo de 2 con categoría A (+95% de acertos) e 3 con

categoría B (+90% de acertos). Unha vez que teñas eses cursos serás un xuíz non activo. Para ser activo teñen que pasar 3 reciclaxes de xuíz, que se celebra 1 por ano, e unha vez aprobados estas reciclaxes o comité de Xuíces valora se es un candidato para formar parte do persoal de xuíces de Conafe. Co que che quedaría un exame, que sería unha proba cos xuíces activos, onde se valora o que sabe de vacas e como es capaz de explicalo. Así que estamos a falar que no mellor dos casos lévache 9 anos ser xuíz de Conafe.

**E como se lle ocorre a un ir por ese lado?**

No meu caso, por unha gran afección ás boas vacas xa desde neno, a inquietude por aprender, o reto de superarme e a paixón por transmitir os teus coñecementos e a autosatisfacción de gozar unha paixón.

**Ten percorrido xa toda España e tamén o país veciño. Que lle achegan**

**estas viaxes?**

As viaxes son unha forma de inspiración, coñeces formas distintas de traballar, de compararche con outros lugares e outros métodos, pero sobre todo coñeces e fas amigos cun nexos en común, que son as vacas, compartir a túa paixón, compartir experiencias e forxar amizade, creo que é o máis bonito que un se pode levar.

**Ve diferenzas importantes entre estas zonas diferentes e mesmo países distintos?**

Si, hai moitas diferenzas, hai zonas onde a paixón polas boas vacas está por riba de todo, noutras a mentalidade é máis empresarial, outras zonas o clima e as condicións fano máis difícil e máis duro, pero en todas o gandeiro adoita ser un gran profesional.

**É unha profesión en auge? Dígoo porque parece que se está a coidar a calidade do gando.**

É unha profesión que, en principio seduce, pero a verdade é que para chegar a ser xuíz son moitos anos de formación e nunha sociedade como a actual na que queremos todo e querémolo xa, só son poucos os que o conseguen, de feito o persoal de xuíces de Conafe esta formada por 13 persoas. En Galicia hai moita xente nova con gran entusiasmo, que seguro que algúns o conseguirán... coñecementos e paixón non lles falta.

**Que valora un xuíz no gando?**

Un xuíz valora todas as partes da vaca. O acto de xulgar baséase nunhas características morfolóxicas xa establecidas e aprobadas pola asociación á cal pertencemos, Conafe, e da asociación Holstein Mundial, onde se analizan todas as partes e rexións do corpo da vaca desde o punto de vista da funcionalidade, lonxevidade e rendibilidade, é dicir, vacas que produzan moito leite durante moito tempo, sen problemas de saúde.

**GRAO** ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA  
ENXEÑARÍA CIVIL  
ENXEÑARÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL  
PAISAXE (Interuniversitario coa UDC)  
ROBÓTICA

**MÁSTER** ENXEÑARÍA AGRÓNOMA  
ENXEÑARÍA DE MONTES  
DIRECCIÓN DE PROXECTOS  
PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TERRITORIAL  
SISTEMAS AÉREOS NON TRIPULADOS (coa UVigo)

**ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**  
à vangarda da tecnoloxía

Todos os títulos  
habilitantes contan co  
Selo Internacional de  
Calidade EUR-ACE

**100%**  
EMPREGABILIDADE

Docencia práctica e aplicada  
Convenios con máis de 500 empresas

Solucións intelixentes para facer da TERRA  
un lugar habitable e con futuro.

U.S.C.

CAMPUS TERRA



# Un pouco de rigor, por favor

## OPINIÓN



Roberto García  
Secretario Xeral  
Unións Agrarias

A recente publicación por parte da Consellería do Medio Ambiente da Declaración Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN) en Galicia, está xerando moita incerteza nas comarcas agrarias e gandeiras. A falta de información respecto dos criterios que foron tidos en conta para sinalar as terras afectadas como as repercusións que poden desprenderse das limitacións no abonado supoñen un novo atranco para a rendibilidade das explotacións e granxas.

Unións Agrarias insiste en esixir á Consellería e a Augas de Galicia unha revisión exhaustiva dos datos empregados para a citada declaración e que se avalíe de forma rigorosa os niveis de contaminación detectados nas estacións de medición responden efectivamente á actividade agrícola ou ben a outras fontes, tal como fixa a normativa europea.

UUAA lembra que a Directiva



91/676/CEE e o Real Decreto 47/2022 de transposición da mesma, establecen a necesidade de determinar a orixe agraria da contaminación por nitratos antes de declarar unha zona como vulnerable. Sen embargo, a organización advirte de que si ben a Confederación Hidrográfica Miño-Sil xa realizou unha análise técnica deste tipo, eliminando estacións de medición con datos non fiables ou influenciados por contaminación non agraria, non consta que Augas de Galicia, nas conchas hidrográficas da súa com-

petencia, fixese un traballo similar antes de pasar os datos das estacións á Consellería de Medio Rural, co mandato das declaracións de ZVN.

A declaración de ZVN non pode basearse en datos sen depurar nin sen unha análise que discrimine claramente a orixe da contaminación, e así o afirma o Ditame Motivado da Comisión, remitido ao Reino de España o 2 de xullo de 2020, orixe de todo este procedemento. Para UUAA é evidente que hai zonas onde a agricultura e a gandeira non ten posibilidade de

causar os problemas detectados sendo máis lóxico buscar a orixe en nitratos procedentes de orixe extra agrario, ou augas residuais urbanas, especialmente nunhas zonas con gran flutuación de poboación flotante durante os meses de verán.

Unións manifesta o seu compromiso coa calidade da auga e o coidado do medio ambiente. Pero é imprescindible asegurar que as medidas se dirixan só ás zonas onde se demostre unha contribución significativa da actividade agraria, evitando prexuízos innecesarios para o sector, e forzando medidas que serán ineficaces si realmente non van a orixe do problema.

Por iso, a organización agraria solicita á Xunta de Galicia a elaboración dun informe técnico detallado sobre os datos de cada estación de seguimento, así como a incorporación das conclusións dese informe no proceso de declaración de ZVN. Esta actuación non só é crucial para o cumprimento efectivo da Directiva Nitratos, senón tamén para preservar a imaxe e o prestixio do sector agrario galego.

A declaración de ZVN non pode basearse en datos sen depurar nin sen unha análise que discrimine claramente a orixe da contaminación



Hijos de  
Ramón Rubal

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



## LECHE

## Os gandeiros, entre a espada e a parede

## O Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias analizan a situación do prezo do litro do leite en Galicia

Nos últimos anos, o sector lácteo en España sufriu unha crecente presión económica que afectou tanto aos gandeiros como aos consumidores, xa que os prezos que as industrias pagan aos produtores diminuíron, pero os prezos ao consumidor nos supermercados aumentaron. Esta situación propiciou o debate, no que se denuncian as probables prácticas abusivas por parte das industrias e cadeas de distribución. Concretamente, a Unión de Pequenos Agricultores e Gandeiros

(UPA) amosou a súa preocupación ante as prácticas de certas cadeas de distribución, que presionan para reducir os prezos do leite incluso por debaixo dos custos de produción, unhas actuacións que, segundo UPA, son contrarias á Lei da Cadea Alimentaria, que fixa que o prezo dos alimentos debe establecerse desde o orixe ao destino. Esta situación supuxo o peche de numerosas explotacións gandeiras, situando a Galicia como unha das comunidades autónomas máis



prexudicadas, xa que no ano 2023 rexistrouse a perda de 362 gandeiros lácteos, reducíndose o total a 5.655; así como 372 granxas no ano 2024 decidiron non entregar leite ás industrias, vendo que non se lles ía recompensar polo seu labor. Desde o Sindicato Labrego Galego comentan que “estamos na renovación dos contratos máis importante do ano, que se realiza por 4 meses, desde o 1 de abril ata o 31 de xullo, a pesar de que os contratos deberían facerse por un ano, pero as industrias non dan esa opción e os gandeiros deben adaptarse”, explican. Ademais, destacan que “Galicia é unha das comunidades autónomas que máis leite produce, destacando ademais Lugo e A Coruña, e, porén, é onde menos pagan as industrias ao produtor deste recurso”, denuncian. Así, din que “o

prezo do leite quedará establecido en 0,49 céntimos o litro de leite, que está moi por debaixo da media europea, que se sitúa en 0,53 céntimos o litro de leite”. Desde o Sindicato Labrego Galego recoñecen que “normalmente na primavera non adoita subir o prezo do leite, pero neste caso debería subir, xa que as industrias recollen moito leite e non subiron o prezo. É dicir, as granxas produtoras de leite son cada vez máis eficientes e producen máis leite, xa que pecharon moitas e as demais aumentaron a produción para compensar a baixada, pero non se lles compensa economicamente”, destacan.

## AS CONSECUENCIAS

Esta problemática, a do peche de granxas produtoras de leite, non só é consecuencia do prezo do

leite, xa que, no ano 2022, 2023 e 2024 “non foi tan malo”, senón tamén ten que ver co feito de que “é un traballo complexo e esixente de 365 días ao ano no que hai dificultade para encontrar man de obra. Hai moitísima burocracia, polo tanto, moitos gandeiros non se senten tampouco apoiados pola administración. E tamén se enfrontan a enfermidades dos animais, como a hemorraxia epizootica que xera tamén un malestar crecente, así como a necesidade de terras para manter aos animais, que tamén é difícil. A xente necesita estabilidade e sentirse apoiada para non pechar, xa que poñer en marcha unha granxa de leite require unha inversión moi grande e cando se pecha, non volve a abrir. Debería coidarse máis este sector en Galicia porque é clave”. Concretamente, na Terra Chá, hai tres concellos que destacan como



## Restaurante

## Suso

Plaza de Galicia, 7 - Castro Riberas de Lea (Lugo)  
[www.restaurantesuso.com](http://www.restaurantesuso.com)  
[info@restaurantesuso.com](mailto:info@restaurantesuso.com)

RESERVAS  
**Tel. 982 31 00 37**

**MENÚ DO DÍA**  
**MENÚ FIN DE SEMANA**  
**ALMOZOS**  
**VIÑOS E TAPAS**  
**PRATOS COMBINADOS**  
**PIZZAS CASEIRAS**  
**HAMBURGUESAS**

**AS NOSTRAS ESPECIALIDADES:**  
Ameixas à mariñeira, Bacalao Portuguesa, Anguías, Carnes à grella e à pedra...

**Dispoñemos de Salóns con capacidade para 75 e 120 persoas**

**CONSUMO DE CARNES DE GANDERÍA PROPIA**

**Tódolos días en: [restaurantesuso.com/menú-dixital](http://restaurantesuso.com/menú-dixital)**

**CONSTRUCCIONES**  
**EXCAVACIONES**  
**Hnos. BLANCO TRIGO**  
**TRANSFORMACIONES**  
**AGRARIAS**

[www.blancotrigo.com](http://www.blancotrigo.com)  
[informacion@blancotrigo.com](mailto:informacion@blancotrigo.com)

**CASTELO, 1**  
**27152 OUTEIRO DE REI (LUGO)**  
**Tel. 982 393 286**  
**Fax 982 399 805**  
**Móviles: 608 185 597 - 608 588 315**  
**608 988 861 - 608 082 666**



produtores de leite en Galicia: Cospeito, A Pastoriza e Castro de Rei. “Por esta razón, a situación da presión das industrias aos produtores, marcando un prezo do litro de leite baixo, tamén afecta á comarca da Terra Chá, a pesar de que hai empresas como Entrepinares e Lactalis que recollen este leite e pagan en función da calidade do leite, polo que pode subir un pouco o prezo”, sosteñen desde o Sindicato Labrego Galego. Pola súa parte, desde Unións Agrarias fixeron unha primeira valoración da campaña de contratos do prezo do leite, destacando que desde a organización tiñan tres obxectivos claros: acurtar a diferenza de prezos do leite entre Galicia e España, “xa que en Galicia prodúcese o 40 % do leite do Estado e é a que ten mellor calidade de proteína e graxa, pero é onde se paga menos”, tal e como defenden desde UU.AA.; que o prezo do leite que se establece en Europa chegara a Galicia, e suprimir os descontos que aparecían nos parámetros dos contratos. Desde Unións Agrarias din que os datos serán publicados en maio, pero “pola información que temos dos afiliados, podemos concluír que a campaña de contratos tivo un éxito relativo”. Así, explican que si que se acurtou o diferencial entre



o prezo do leite en Galicia con respecto ao de España, “subindo o de Galicia e manténdose o do Estado”. Porén, lamentan que as granxas que teñen unha produción media ou inferior a 350 - 400.000 litros “si que notan a diferenza de prezo e isto afecta ao 33 % das granxas, que supoñen o 75 % do leite e máis do 65 % dos gandeiros”.

#### SITUACIÓN DE AFOGO

Así, sosteñen que as industrias queren “facer unha reconversión do sector lácteo en Galicia, “expulsando ás granxas que di potenciar. Non pode ser que haxa un diferencial de 10 céntimos entre as granxas pequenas e as grandes,

porque iso precipita á xubilación anticipada ou a crearlles unhas condicións económicas que os expulsa do mercado. Indirectamente estase apostando por un modelo de produción industrial, o que supón o peche acelerado de explotacións que, aínda tendo a capacidade para producir, o actual prezo do litro de leite colócaas nunha situación de afogo”, denuncian.

Ante esta situación, Unións Agrarias manifestou que van poñer en marcha unha serie de actuacións para alertar da presión das industrias aos gandeiros, sendo a primeira das medidas a elaboración dun informe para poñer en coñecemento á Comisión de



Competencia Galega e incluso darlle traslado tamén á Comisión Nacional de Competencia, xa que “vemos incumprimentos claros de abuso de posición dominante por parte das industrias para impoñer condicións de mercado arbitrarias. Pese á evolución do mercado da graxa e a proteína, a industria impón un prezo por debaixo e mantén a situación”. Pola súa parte, Agromuralla analizou as consecuencias dos novos contratos asinados pola industria láctea para a recollida do leite ás granxas en Galicia que entraron en vigor o 1 de abril, denunciando que “as subas foron moi limitadas, centradas unicamente nunha pequena minoría de explotacións,

sen que a mellora dos prezos do leite estea a chegar de xeito xeralizado ao conxunto do sector produtor”.

Agromuralla califica de “conxelación encuberta do prezo do leite” a estratexia das empresas, que optaron por incrementar vía primas por volume o prezo tan só a entre o 10 e o 20 % das explotacións (dependendo da industria), as que máis leite producen, sen facer extensiva a mellora ao conxunto das granxas.

Por iso, a asociación de gandeiros e gandeiras esixe que, de cara á vindeira renovación de contratos no mes de agosto, as subas se trasladen ao prezo base para que cheguen a todas as explotacións.

## RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!





# APICULTURA

## Entrevista ao produtor vilalbés Iván Díaz Souto

“A xente concienciouse de que se queres un mel de calidade tes que pagalo”

Iván Díaz Souto é apicultor, natural da parroquia de Goiriz, en Vilalba. Comercializa mel baixo a marca Pingas de Gaia con rexistro de produción primaria. Vende mel, pole e propóleo. Ademais conta con algo de horta, cabalos e vacas e axuda a súa muller que ten unha queixería na aldea de San Simón, onde residen.

No seu haber ten agora 150 colmeas que lle permiten realizar venda directa con Pingas de Gaia, nome que provén de Gaia “a deusa grega da natureza”. Xa na súa casa houbera colmeas cando el era neno e foi un amigo o que lle vendeu un enxame para comezar coa súa propia produción.

**Como comezou na apicultura e cal foi a súa motivación?**

Diría que son un mix, teño cabalos en extensivo, vacas que me quedaron da miña nai que se xubilou, e teño ovellas. Gústame vivir da aldea e na aldea. Bóttolle unha man a miña muller na queixería, mais, con todo, os meus ingresos principais son do mel. Traballaba nunha gasoleira que pechou e un compañeiro que



tiña colmeas agasalloume un enxame e, sen querer, querendo, comecei nisto. Gustábame vivir do rural, pero non tiña un terreo considerable. Foi entón cando pensei en que unha das actividades na agricultura na que non necesitas moito espazo é a apicultura. De maneira que necesitas un espazo para poñer a colmea, pero despois van comer onde o veciño. Así, era unha actividade que me gustaba e me encaixaba para comezar sen unha gran inversión.

**Forma parte dalgunha asociación ou cooperativa apícola?**

Son socio da Casa do Mel e presidente dunha pequena asociación de apicultura, Serra da Carba, que ten a súa sede en San Simón. Cando apareceu a velutina, os apicultores da zona de San

Simón fixemos un grupo para traballar un pouco en conxunto, a raíz de aí xurdiu a idea de facer unha asociación. Comezamos 10 socios e agora somos uns 35 e facemos actividades de formación relacionadas todas coa agricultura e co rural. Tamén estou con outra asociación, A Estruga espazo agroecolóxico, coa que temos un posto no mercado en Vilalba, os martes e venres, para a venda directa.

**Como xestiona a produción e comercialización do mel e doutros produtos apícolas?**

Outro dos motivos que me axudou a decantarme pola produción de mel é que, coa miña muller polo tema do queixo, faciamos bastantes feiras. Viamos que, cando comezamos a levar o mel de cando tiña poucas

colmeas, era un produto que tiña saída. A miña produción véndoa integramente directamente, non vendo a maioristas. Todo o que produzo, envásoo e póño eu no mercado. As cifras varían en función do ano entre 1000 e 2000 quilos anuais, cunha media de 1500 quilos ao ano. Para facer viable a produción a clave está na venda directa. De xeito directo hoxe un bote dun quilo de mel está mínimo nos 10 euros, porén, se tes que vendelo a granel está en 4 ou 5 euros, estamos falando de menos da metade. Entón de ter uns ingresos, digamos de poder ser mileurista, pasarías a non ter nin a metade. Así, se tes a opción de vender directamente, podes permitirte ter menos produción. Hai moitos factores a ter en conta, onde vas

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Husqvarna Bosque y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpenelas@bosch-bcs.com

**Neumáticos VILLALBA** **Hankook masters**

VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS  
ALINEADOS DE DIRECCIÓN  
RECARGA AIRE ACONDICIONADO  
CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS  
DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO  
AMORTIGUADORES  
RÓTULAS DE DIRECCIÓN  
LLANTAS  
BATERÍAS  
ACCESORIOS

**CREDIT**  
Financia tus compras sin intereses

**DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING**

LUNES A VIERNES DE 9:30 A 20:00

Teléfono y Fax. - 982 51 11 28  
Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILALBA (Lugo)

www.neumaticosvillalba.es  
www.facebook.com/neumaticosvillalba

HANKOOK BRIDGESTONE MICHELIN GOODYEAR PIRELLI DUNLOP NOKIA FIRESTONE Continental



producir, tipo de mel ou o mercado da mel que produzas.

**E un bo momento para a apicultura, diría que está en auge?**

Agora mesmo o mel de calidade con garantías está tendo moita demanda, mais é un momento complicado se non tes idea de apicultura. Hai que animar á xente e hai que formarse moito. Entre os problemas están a velutina e o cambio climático, que afecta moitísimo as abellas. Para as abellas os climas cambiantes son horribles, prefiren a estabilidade e non os cambios bruscos. De cara ao consumo, a xente concienciose de que se se queres un mel de calidade tes que pagalo.

**En que situación está a loita contra a velutina?**

A velutina é un problema que se cronificou, e que aliviamos un pouco co trameo primaveral, eliminando raíñas que serán futuros niños. A maior parte da retirada de niños fanse desde que saen as raíñas do ano seguinte, que moitas veces, non é realmente funcional de cara a eliminar o problema. O problema converteuse en negocio, xa que agora mesmo hai varias marcas que fabrican trampas, que teñen atraentes en teoría específicos, empresas para a retirada



de niños... xa é practicamente un negocio. Estamos na fase de que hai moito tempo que non se fai nada, a parte destes pequenos parches, o que necesitamos é investigación para tentar eliminar un problema que ten que ser case europeo ou mundial.

**É consciente a sociedade do papel fundamental da actividade apícola?**

Xa Albert Einstein dicía que se a abella desaparecía, en tres anos desaparecería a vida sobre a terra. Eu creo que o ser humano é un bicho moi repelente e non desapareceríamos tan fácil, pero so que ía cambiar moito a nosa vida. A maior parte, máis 70 % do que comemos depende da

polinización directamente. Manter a biodiversidade depende dos insectos polinizadores e a abella é o maior insecto deses que hai. Sempre digo que se as miñas abellas van a unha maceira saca máis beneficio o que ten a maceira que o que ten as abellas. Aínda falta moito por facer, pero dende hai anos para aquí si que hai máis concienciación, a xente é máis coidadosa.

**Considera que hai suficiente relevo xeracional na apicultura?**

Eu creo que si, agora mesmo hai moita xente nova, eu levo sobre 15 ou 16 anos e cando empecei a xente estrañáballes ver a unha persoa con 20 ou 25 anos que se fora



dedicar á apicultura. Houbo xente que case me dicía que estaba tolo. Agora hai moitos rapaces que teñen un ingreso extra importante con isto. Se cadra é unha moda, pero agardo que non.

**Como pode alguén comezar nisto?**

O custo para comezar de cero e se queres unha colmea con abellas estaría nuns 120 ou 150 euros. Normalmente conségue-

se a través dun amigo ou buscando un apicultor que venda un enxame para comezar. A miña recomendación é que a persoa que se incorpore primeiro se forme e que vaia a un sitio no que haxa abellas de verdade. As abellas e a apicultura de hoxe non ten que ver ca de hai anos, existen pragas ou enfermidades que agora afectan, o importante formación, formación e formación.





# AS FERRAMENTAS

## A nova maquinaria que sae ao mercado

### Mellorar o traballo agrícola coa continua evolución técnica

O desenvolvemento no agro non para e para mostra está a nova maquinaria que saíu ao mercado e que segue a mellorar o traballo diario. A Terra Chá conta cunha serie de empresas que teñen feito da venda, reparación e alugueiro destas ferramentas o seu modo de vida. En **Agrícola Veres**, asentada en Guitiriz, teñen un amplo catálogo de maquinaria agrícola, gandeira e forestal. Tamén contan con produtos de xardinaría, recambios e

unha sección de ferramenta usada que destaca polas súas espléndidas condicións e un gran servizo posvenda. Este ano a aposta está pola maquinaria con baterías e nun salto importante neste eido, veñen de converterse no único punto de recollida de baterías de litio na localidade para a súa posterior reciclaxe. Tamén veñen de poñer en marcha un servizo de préstamo dalgunhas destas maquinarias, para que o comprador estea seguro.

#### CORTACÉSPEDA HUSQVARNA LB553IV

Comercializa: Reparaciones Carlos



**RyS Sesacar** naceu en Vilalba e dedícanse á venda de recambios e subministro de produtos agrícolas, de automoción, forestais e industriais; así como de maquinaria de xardín. Contan con taller propio para a fabricación de latiguillos hidráulicos, de freo e de aire acondicionado. Pero tamén realiza outras actividades como a reparación de maquinaria de xardinaria de bombas hidráulicas John Deere, de orbitroles, a fabricación de cables para desensiladora ou o mecanizado de pezas, entre moitas outras.

**Reparaciones Carlos** asentouse en Xermar, Cospeito, e segue a crecer. Dedícanse á venda e reparación de vehículos comerciais e agrícola e dispón dunha ampla gama de ferramentas para monte e xardín. Chegados a esta época do ano o que máis soen vender son cortacéspedes e desbrozadoras. No primeiro punto dispón dunha ampla gama desde o tradicional ata a última tecnoloxía. Seguen tendo unha gran demanda os robots.

**Corbar Maquinaria Agrícola** leva traballando desde Sarria no deseño, fabricación e venda de maquinaria agrícola. Desde as súas orixes foise adaptando ás demandas dos gandeiros e agricultores, incorporando maior tecnoloxía e máquinas máis diversas. Contan tamén cunha tenda de recambios.

**Lamas Ingeniería**, en Castro Ribeiras de Lea, está centrada na homologación e legalización de vehículos e maquinaria industrial, agrícola e

#### TRITURADORA SERRAT

Comercializa: Corbar



#### CORTACÉSPEDA HUSQVARNA RIDER R 214TC CONFORT

Comercializa: Reparaciones Carlos



forestal. Encárganse tamén de poñer ao día vehículos con documentación antigas como os remolques agrícolas. Levan, así mesmo, a homologación das palas cargadoras e manipuladoras telescópicas.

**Neumáticos Vilalba** segue apostan-

do polo modelo de taller de mecánica rápida. Comezou dedicándose á venda de pneumáticos pero ampliouse con solucións para o aire acondicionado, cambios de aceite e filtro, discos e pastillas de freo, amortiguadores, rótulas de dirección, llantas, baterías e accesorios.

LAMAS INGENIERIA

HOMOLOGACIÓN Y LEGALIZACIÓN DE VEHÍCULOS Y MÁQUINAS

AGRICOLA FORESTAL INDUSTRIAL

ivan@lamasingenieria.com

Castro Ribeiras de Lea

info@lamasingenieria.com

606 456 856

TA TECNOAGRI

Maquinaria Agrícola y Forestal

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea

Teléfono: 982 330 465




## DESBROZADORA STIHL



Comercializa: Agrícola Veres

## ENCAMADORA DE CUBÍCULOS



Comercializa: Corbar

## HIDROLIMPIADORA STIHL REA 60/100 PLUS



Comercializa: Agrícola Veres

## COMPRESOR A BATERÍA STIHL KOA 20



Comercializa: Agrícola Veres

## ESTENDEDOR DE SILO



Comercializa: Corbar

## I.E.S. Plurilingüe San Rosendo



## FORMACIÓN PROFESIONAL



## FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

AGROXARDINERÍA E COMPOSICIÓN FLORAIS  
"O teu inicio profesional con nós"



## CICLO MEDIO

APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Modalidade dual (con prácticas remuneradas dende o primeiro ano) e na modalidade ordinaria

## CICLO MEDIO DUAL

Oferta de 22 prazas en CM Dual en empresas de alto prestixio no sector agroforestal como:

CARRONZA S.L.  
FORESTAL DÍAZ CASARIEGO S.L.  
LANDELAR  
VIVEROS Y SERVICIOS FORESTALES CASELAS S.L.  
VIVEROS COSTA DE LÓNGARAS S.L.U.  
ANTONIO ALVARIÑO S.L.  
VIVEROS FOMENTO VEGETAL S.L.  
CENTRO JARDINERÍA GAVÍN C.B.  
SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST S.L.  
TENZAS ENXEÑERÍA E ASESORAMENTO LEGAL S.L.  
NOROESTE AGROPECUARIO S.L.  
EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L.  
XARCEMO AGRO S.L.U.  
EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A



## CICLO SUPERIOR

XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL



## CICLO SUPERIOR

PAISAXISMO E MEDIO RURAL  
Módulos:

- Conservación de xardíns e céspedes deportivos
- Xestión e organización do viveiro
- Deseño de xardíns e restauración da paisaxe
- Planificación de cultivos
- Xestión de cultivos



# A CARÓN DO AGRO

## As empresas que xorden ao abeiro do sector

### Ofrecen servizos de asesoría ou bancarios, así como traballos agrarios ou veterinarios

Arredor do agro foise formando ao longo dos anos un entramado empresarial que creceu para, por e tras a evolución do sector. Esta proliferación de empresas e autónomos ten un claro referente na Terra Chá.

**ASESORÍA.** O servizo de asesoría e enxeñaría é unha das partes imprescindibles do sector, en especial para o seu desenvolvemento e tamén para poder tramitar coa administración. Así, hai empresas nas que os enxeñeiros deseñan proxectos de todo tipo relacionados coa actividade gandeira ou mesmo estimulan a creación e o desenvolvemento de novas iniciativas económicas. Ademais, engádense traballos tan necesarios como medición de parcelas, a valoración de fincas, informes periciais,

subvencións, legalizacións, etc. Sen esquecer aquelas que axudan aos clientes nas declaracións da renda, declaracións de IVE, transmisións patrimoniais, contabilidade, declaracións fiscais de sociedades, Sat e Cooperativas e o seu asesoramento e creación, entre outros moitos servizos. Neste punto destacan empresas como **Xelda eido rural**, en Meira, ou **Xister**, outra enxeñaría rural situada no centro de Vilalba.

**SERVIZOS AGRARIOS.** O desenvolvemento dos proxectos agrarios sobre o terreo é unha das funcións que ofrecen algunhas empresas do sector e que complementan moitas veces os servizos de asesoramento. Estas empresas fanse cargo do traballo máis pesado, en especial para rozas e grades desbroces grazas aos

medios técnicos que dispoñen e dun traballo profesional. Céntranse nos traballos de preparación de terras, ensilados, sementeiros, recolección de forraxes, desbroces ou plantacións normalmente a demanda do agricultor ou o gandeiro. Os servizos máis demandados soen ser a trituration despois das talas e a posterior plantación. Tamén as tarefas de limpeza de fincas e a reforestación. Neste apartado destacan firmas de referencia como **Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo**, de Outeiro de Rei, que ten a dobre vertente da obra pública. A nivel máis pequeno pero cunha gran experiencia está **Servicios Agroforestales Seoane**, situada en San Lorenzo de Árbol, en Vilalba, que leva no sector máis de 20 anos.

**SERVIZOS VETERINARIOS.** Un servizo fundamental onde hai animais. Ocupanse de xerar a documentación e protocolos de desinfección para as explotacións, é dicir, protocolos de bioseguridade. Dispoñen polo tanto dun laboratorio para efectuar as probas de bioquímica que son necesarias. Outras das funcións do veterinario é a de perito xudicial, para certificar os animais destinados ao matadoiro entre outras cousas. Un exemplo é **Servizos Veterinarios Chairegos**, unha clínica de Rábade.

**EMPRESAS PROCESADORAS.** Toda a riqueza que ten o rural ten a súa saída moitas veces a través de empresas procesadoras, si é necesario, o mesmo de comercializadoras. Ademais, ao seu redor tamén son imprescindibles outras empresas que traballan dun xeito transversal. **Grupo Entrepinares**, empresa do sector agroalimentario, está dedicada á fabricación de queixos e



derivados lácteos é un deses exemplos. Situada en Vilalba, continúa a crecer e expandirse. Outro exemplo é a empresa **Pata-tas Vilalba**, que se asentou no polígono Sete Pontes xa fai 16 anos. Venden sacos de 20 quilos a particulares aínda que para froiterías ou tendas máis pequenas proporcionan as de 5 ou 10 kg. Neste apartado tamén está **Hijos Ramón Rubal**, que leva 85 anos dedicados ao aproveitamento e xestión forestal desde a súa sede en Alfoz, pero traballando en bosques de Asturias e do norte de Galicia.

**SUBMINISTRADORAS.** Se por unha banda está a venda, pola outra está a compra de materiais necesarios para traballar. A sarriá **Prefabricados y Hierros Tourón** é outra das empresas ás que se acode dende o rural para levar a cabo moitos dos seus proxectos. Está dedicada á fabricación de ferralla e prefabricados de formigón. A firma ofrece un servizo completo desde a enxeñaría, pasando pola fabricación e terminando coa posta en obra, realizando a montaxe de naves mediante estruturas, cerchas e pórticos en formigón. Tamén destaca **Productos Agrícolas O Santo**, situado na parroquia vilalbesa de Árbol. É unha tenda especializada en produtos agrícolas,

dedicada á venda de pensos para animais, cereais, fertilizantes, abonos, sementes, produtos e artigos para o campo e o xardín, ou mesmo patacas para consumo e sementa.

**SERVIZOS BANCARIOS.** Arredor dun sector tan amplo e variado, existe tamén a necesidade dun servizo bancario. Así naceu **Caixa Rural Galega**, unha entidade de crédito de base cooperativa con sede en Lugo cunha vinculación estreitísima co mundo agrario e rural, que desde entón vén conservando, aínda que o paso dos anos fixo que esta se estendera a outros ámbitos máis urbanos e máis ligados con outros sectores. Caixa Rural Galega ofrece un servizo financeiro completo que abarca dende contas correntes, libretas, así como calquera tipo de financiamento tanto para particulares como para empresas, labregos, gandeiros, autónomos ou profesionais, como préstamos, créditos, hipotecas ou financiamento máis específico como anticipos, confirming, etc. A caixa Rural Galega tamén ofrece produtos de investimento como é depósitos a prazo, seguros de aforro, fondos de investimento ou plans de pensións, así como unha ampla gama de seguros tanto patrimoniais como persoais, incluíndo seguros agrarios de Agroseguro.





**Pata-tas Vilalba, S.L.**

Tels.: 651 037 211  
982 512 542  
Polígono Industrial  
27800 VILALBA (Lugo)



**Xister**  
ENXEÑERÍA RURAL

Rúa Guitiriz Nº8 Baixo, Vilalba 27800 Lugo  
Tifs: 982 51 20 88 - 689 00 72 41

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES  
**SEOANE**



**TERRACHAXA**

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323      redaccion@terrachaxa.com



# AVÍCOLA

## Asociación de Avicultores de Raza Galiña de Mos

**“Están crianzas e docentes con alegría e ilusión por ver nacer aos pitiños o día 21”**

A Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos (Avimós) desenvolve por segundo ano un proxecto de educación avícola en centros educativos da provincia de Lugo. Unha actividade que consiste en diversas charlas divulgativas sobre a raza, a observación do ciclo de incubación e o nacemento dos polos. Falamos con Francisco José Monasterio Solveira, presidente de Avimós sobre a acollida desta iniciativa que realizan por segundo ano consecutivo.

### En que punto está o proxecto educativo para achegar a Galiña de Mos aos máis pequenos?

Este é o segundo ano que realizamos esta iniciativa, en colaboración coa Deputación de Lugo, en concreto, coa área de Vicepresidencia de Medio Rural. Trátase dun convenio por medio do cal estamos visitando colexios da provincia para explicar a incubación dos ovos da Galiña de Mos. Poñemos unha incubadora con ovos e os nenos vén o ciclo de nacementos. Realizamos charlas con vídeos para os máis pequenos e tamén para os maiores cun pequeno coloquio. Participan consultando dúbidas e quedan realmente

abraiados. Isto é posible grazas á Vicepresidencia da Deputación, de Medio Rural. A parte diso tamén este ano a Federación de razas autóctonas de Galicia firmou un convenio coa Deputación, para promocionar e visibilizar as razas autóctonas degustacións de razas autóctonas. O primeiro sitio que acolleu a actividade celebrouse con motivo do Antroido de Val de Francos, onde houbo, degustación de Galiña de Mos ou porco celta.

### Cal foi o xerme deste acordo de Avimós coa Deputación?

Xa nos estaban visitando as escolas de toda a Galicia, comezamos cunha incubadora e hoxe temos oito, non dabamos atendido toda Galicia. Foi nese entón cando a Deputación se deu de conta disto e considerou que era importante. Así, decidiron que querían colaborar con nós. O seguinte paso foi seguindo o dito que sempre dicimos, ‘para que unha raza en perigo de extinción, se mantenga no tempo, hai que consumila’.

Ao saber isto eles dixeron de facer unha degustación de razas autóctonas, para que coñezan o produto de proximidade proce-

dente dunhas razas que estaban hai moitísimos anos en todas as casas e parroquias de todos os concellos da provincia de Lugo e que, pola introdución doutras razas de crecemento máis rápido, foron desaparecendo. Así, chegou-se a un convenio xa que lles pareceu moi ben a colaboración para visibilizar estas razas en perigo de extinción. O convenio é de toda a provincia de Lugo da Federación de Razas Autóctonas de Galicia coa Deputación. A parte temos outro convenio a punto de firmar coa Deputación da Coruña e, xa a nivel de Avimós, na provincia de Pontevedra e de Ourense.

### Como é a acollida desta iniciativa por parte dos nenos e nenas?

O que vemos, non só dos nenos, senón tamén dos mestres, é que alucinan, nunca tal cousa viron, agardan con ganas tremendas. Cando chegamos e montamos a incubadora, están crianzas e do-

centes todos con alegría e ilusión por ver nacer aos pitiños ao día 21. Ven dende que rompe a cáscara ata que está o pito seco. Explicamos que é unha raza autóctona que estaba por toda Galicia nos anos 70 ou 80. O punto de inflexión foi ao introducir a extirpes industriais de crecemento rápido e abandonar o rural para as cidades. Todos estes pitos que se están mercando nos supermercados son pitos de 30 e pico días, mentres que os dos galos de Mos son de oito ou nove meses. A xente ten que comer, e a medida que o campo se foi abandonando por moita xente, a raza foi perdendo presenza ata que o ano 2001, un grupo de sete criadores, entre os que me atopo eu, decidimos recuperar a raza. Animamos á xente a que comece a criar Galiña de Mos, que non ten comparación en calidade coas extirpes industriais e comerciais.

### Cales son as conclusións que extraen despois da experiencia nos centros educativos?

Unha das cousas das que nos damos de conta é que imos aos colexios e hai poucos nenos ou nenas que digan que na súa casa teñen galiñas. A maioría soen vivir en pisos, no medio rural, son poucos. Porén, si que din que os seus avós ou tíos teñen e convidámoslos a explicarlles aos seus familiares o que é a raza da Galiña de Mos. O que significa criar unha raza nosa que xa coñecen dende hai tempo e que se abandonou. Impulsamos que os nenos tomen esa iniciativa de cara aos seus avós ou pais. Estamos moi agradecidos á Área de Vicepresidencia da Deputación de Lugo polo apoio que nos brindan, imos no mesmo camiño, intentado que o rural sobreviva, que non estea abandonado e con estas iniciativas tentamos por un gran de area para manter isto.





**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ  
LATERALES  
ABATIBLES  
MODELO MEIRA



CUCHILLA MAÍZ  
MODELO CORISTANCO



ENCAMADORA DE  
CUBÍCULOS  
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³  
Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO  
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR  
DE SILO  
MODELO  
VIMIANZO  
CON BOMBOS  
GALVANIZADOS  
DE Ø 80/225 E  
Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

**NOVEDAD**

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS  
AUTONIVELANTES  
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.  
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com



USC

# Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

## Ofrece formación en novas tecnoloxías para unha Agricultura Sostible

**Javier Bueno Lema.**  
Departamento de Enxeñaría Agroforestal. Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. USC  
Campus Terra. Lugo

As turbulencias económicas provocadas polas últimas decisións do presidente dos Estados Unidos de América están amosando a realidade de competir nun mercado global. Se o sistema produtivo dun determinado país deixa de ser competitivo nun sector concreto, as inversións das empresas desprázanse cara outras zonas xeográficas onde teñan mellores condicións para producir. O mesmo acontece coas producións que teñen como destino a alimentación humana ou animal. Se os nosos sistemas de produción agrícola e gandeira en Galicia deixan de ser competitivos, a industria agro-alimentaria e a distribución buscarán provedores noutras zonas do mundo. E no tema de ser competitivos a

actualización tecnolóxica é un factor fundamental para non quedarse obsoletos e garantir a continuidade das actividades produtivas. Poderíamos poñer moitos exemplos que confirman esta tendencia. Nos últimos 75 anos a mecanización agraria é un dos máis evidentes. Dende que a mediados do século XX a maquinaria accionada por tractores con motor de combustión interna comezou a chegar ás explotacións europeas a gran escala, a súa evolución tecnolóxica foi constante ata acadar os niveis de complexidade actuais. Esta evolución foise adaptando aos cambios que afectaron ás zonas rurais, que pasaron de dispoñer de man de obra abundante a encontrarse no momento actual cun problema de despoboamento e envellecemento que dificulta tanto ás explotacións como ás empresas o encontrar o persoal que necesitan por terse desprazado á maioría a vivir en



núcleos urbanos. Se comparamos o mercado do tractor en Europa entre os anos 1950 e 2010, observamos que en 1950 vendíanse por ano unha media de 7 tractores novos nunha superficie de 100 km<sup>2</sup> onde existían 210 explotacións agrícolas. En 2010, estes números tiñan descendido a 3 tractores novos vendidos ao ano por cada 100 km<sup>2</sup> onde só quedaban 34 explotacións activas.

Este éxodo demográfico dende as zonas rurais ás zonas urbanas foi acompañado dunha diminución constante do número de explotacións agrarias que teñen que producir cada vez máis alimentos para unha poboación en aumento. Isto conseguiuase tanto mellorando a eficiencia dos procesos produtivos (mellores sementes, mellor gando, mellor sanidade vexetal e animal, etc...) como aumentando o tamaño das explotacións. Para poder xestionar unhas explotacións cada vez máis grandes, que manexan cada vez máis terra ou animais, e cunha menor dispoñibilidade de man de obra nas zonas rurais, a mecanización hoxe en día é imprescindible para a viabilidade da agricultura e a gandería. As máquinas agrícolas tiveron tamén que adaptarse a este novo contexto, aumentando a súa capacidade de traballo e

reducindo as súas necesidades de man de obra. A introdución de novas tecnoloxías como a hidráulica, a electrónica, os sensores ou os ordenadores permitiu automatizar moitos procesos e incrementar a precisión das operacións. E así chegamos ao momento actual no que a dixitalización, a robótica e a intelixencia artificial cada día teñen máis presenza nas máquinas utilizadas.

As novas tecnoloxías que utilizan as máquinas actuais obrigan a que os centros universitarios onde se imparten titulacións de Enxeñaría Agronómica teñan que modificar os seus planes de estudo, as súas infraestruturas e o seu equipamento docente para poder impartir os coñecementos necesarios que necesitan os técnicos actuais. A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra en Lugo ten feito nos últimos anos un gran esforzo neste tema, sendo na actualidade unha das Escolas destacadas en España en canto aos medios que pon a disposición do seu alumnado para o aprendizaxe en novas tecnoloxías utilizadas na mecanización agraria. Porque para a adquisición das competencias en novas tecnoloxías é moi importante podelas manexar, velas na realidade e utilizalas nos procesos produtivos do noso contexto. O poder acceder a elas nas prácticas das materias é unha das fortalezas do centro e que o distingue doutros onde este acceso ou non existe ou é moi limitado. A agricultura de precisión é un dos campos nos que máis se está a traballar nos últimos anos para aumentar a eficiencia nos procesos produtivos agrarios e facelos máis sostibles tanto economicamente como ambientalmente. A agricultura de precisión implica a recollida, análise e toma de decisións baseadas en datos. Pode axudar ao sector agrícola a satisfacer a crecente demanda de produtos alimentarios, ao mesmo tempo que axuda aos

agricultores a mellorar a eficiencia, por exemplo, a través da redución dos custos de insumos. As tecnoloxías de agricultura de precisión poden mellorar a xestión dos recursos a través da aplicación precisa de insumos, como auga, sementes, fertilizantes e alimentos do gando, o que leva a unha produción agrícola máis eficiente. A agricultura de precisión pode implementarse a través dun conxunto de tecnoloxías que se poden usar illadas ou en conxunto con outras. Exemplos de tecnoloxías emerxentes de agricultura de precisión son sistemas de posicionamento por satélite, teledetección, mapas de rendemento, aplicacións a dose variable, etc...

Aínda que as tecnoloxías de agricultura de precisión, como as aplicacións de fertilizantes a dose variable e a utilización de monitores de rendemento nas colleitadoras, están dispoñibles desde a década de 1990, o seu grao de adopción actual nas explotacións é baixo. Incluso nos Estados Unidos, o país que primeiro comezou a empregalas, só o 27 por cento das explotacións estadounidenses usan prácticas de agricultura de precisión para xestionar cultivos ou gando na actualidade segundo as últimas enquisas publicadas. Pero a tendencia é que o seu uso vaia en aumento e as explotacións galegas non poden descoñecer un sistema de xestión que pode ofrecer vantaxes competitivas. Como xa comentamos ao principio, ignorar os avances tecnolóxicos pode provocar quedarase fora do mercado. O alumnado da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría ten á súa disposición tecnoloxías de agricultura de precisión como por exemplo sistemas de autoguiado para tractores agrícolas que utilizan receptores GNSS (Sistemas de Navegación Global por Satélite) para comprobar como a conducción autónoma é máis precisa que a manual. Os sistemas de guiado por satélite dos tractores poden conseguir melloras na eficiencia de ata o 20% na distribución de sementes, fertilizantes e produtos fitosanitarios. Por exemplo, se os solapamentos na distribución de fertilizantes minerais se reducen nun 20 por cento, isto ten beneficios substanciais para a calidade da auga ao reducir o potencial de perda de nutrientes e beneficios económicos ao reducir o gasto neste insumo. Estes beneficios económicos e ambientais deberían dar lugar a produtos de mellor calidade a prezos competitivos.





Lg. S. Esteban de Árbol, s/n.  
27818 VILALBA (LUGO)

Teléfonos: 982 502 110  
695 634 445

productosagricolasosanto@gmail.com



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

**URXENCIAS**  
24  
HORAS



# FORMACIÓN PROFESIONAL

## A especialización dos futuros traballadores

### O IES San Rosendo de Mondoñedo imparte diferentes ciclos formativos do sector

Para todos aqueles que ven nos sectores gandeiro, agrario e forestal un abano de expectativas laborais resulta imprescindible a formación. Así, os centros de ensino da comarca foron especializando a súa programación para crear a profesionais do campo. Moitos centros escolares inculcan aos nenos a importancia do sector desde os primeiros cursos, in-

cluso en infantil. Algúns, incluso, teñen incorporado invernadoiros para que os pequenos comecen desde cedo a traballar na terra-Coa evolución dos estudos de Secundaria e a súa diversificación nos ciclos, centros como o IES San Rosendo de Mondoñedo están orientados a formar aos que serán os futuros profesionais do sector.

O IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo é un centro que imparte a formación a través de ciclos da rama agroforestal. A súa oferta está encabezada polo ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural. As saídas profesionais deste ciclo son traballos no ámbito da xestión de empresas de aproveitamentos forestais, da xestión de viveiros, de espazos cinexéticos e piscícolas, garda de espazos naturais, etc.

No grao medio ofrecen en modalidade dual intensiva e tamén en ordinario a formación en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural. Esta modalidade dual permite unha remuneración durante o período de formación na empresa, e ten un alto nivel de inserción laboral. As súas saídas profesionais están orientadas a traballos cualificados en empresas forestais e similares, maquinista de procesadora forestal, en viveiros de planta, especialista en traballos de altura nas árbores, motoserrista, aplicador de produtos fitosanitarios, etc.

Pecha a oferta actual o ciclo básico de Agroxardinería e Composicións Florais. Permite a obtención do título de técnico profesional básico, unha cualificación de nivel 1 no catálogo nacional de cualificacións profesionais, e o acceso a ciclos de grao medio.

As saídas profesionais deste ciclo son traballos en empresas dedicadas á produción de plantas e mantemento de xardíns, ao cultivo agrícola, á ornamentación floral, á decoración de espazos e



eventos, etc., e tamén capacita para realizar tratamentos praguicidas de nivel básico.

A maioría da formación desenvólvese nas instalacións da Granxa, finca na que contan co equipamento adecuado para impartir a docencia de todos os ciclos, así mesmo, complementanse con saídas, conferencias e coa formación en centros de traballo. Este centro vén sendo dende fai anos un referente na provincia no sector agrario. Nas súas instalacións contan cun simulador forestal que contribúe a mellorar a cualificación do alumnado, de tal forma que os titulados contan cunha experiencia que responda ás necesidades do sector.

Ademais, ofrece a posibilidade de realizar a formación práctica en diferentes empresas referentes no seu ámbito, tanto dentro da

Comunidade Autónoma Galega, como noutras.

De recente implantación é o Ciclo Superior de Paisaxismo e Medio Rural, para que todos os alumnos que teñan superado o Ciclo de Grao Superior de xestión Forestal e do Medio Natural poidan obter o dobre grao en tres cursos formativos. No vindeiro curso preténdese que a oferta sexa na modalidade semipresencial para facilitar a formación a persoas traballadoras.

Como novidade tamén para o vindeiro curso, está incorporación ao programa Erasmus+, que permitirá ao alumnado realizar estadias formativas e prácticas en países europeos e mesmo de fóra de Europa.

Ademais, tamén na comarca poden os alumnos seguir formándose e especializándose.



**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



# NOVAS TECNOLOXÍAS

## As novas ferramentas para lograr a eficiencia

### A falta da man de obra e a modernización esixen solucións para xestionar gran volume de animais

Cada vez son máis os gandeiros que apostan polas novas tecnoloxías para desenvolver procesos de produción máis eficientes. No caso das explotacións leiteiras, que abundan na comarca da Terra Chá, hai diversos sistemas que modernizan as granxas e posibilitan a supervivencia deste sector, que sofre a escaseza de man de obra, un baixo prezo do litro de leite e as enfermidades dos animais. Neste camiño, Tecnoagri traballa para a industria gandeira, ofrecendo diferentes servizos; desde sistemas robotizados de muxido ata o almacenamento de leite en tanques de frío. “Entendemos as

necesidades das granxas, que cada vez son máis esixentes e profesionais, polo que, xunto con Delaval, asesoramos e damos apoio aos nosos clientes, así como dispoñemos dun técnico de garda para a xestión de calquera incidencia, ofrecendo un servizo 24 horas”, explican desde a entidade. En canto aos servizos, en Tecnoagri ofrecen subministros gandeiros, salas de muxido, robots de muxido, tanques de leite, arrimadoras de comida, cornadizas e cubículos, cepillos rotativos, limpeza automática e colchóns para vacas; así como dan o servizo de mantemento industrial de ditas máquinas.

Destacan, entre elas, o sistema de muxido VMS300, “unha ferramenta clave para mellorar a produtividade e a lonxevidades das vacas, reducindo, ao mesmo tempo, as horas de traballo por litro de leite. Este modelo adáptase a pequenas explotacións con unidades individuais”. Así, este sistema contribúe a lograr unha saúde óptima da ubre, permite obter un leite de maior calidade, á que as vacas estean sas e reduce a necesidade de man de obra. Ademais, desde a entidade comentan que hai agora un sistema de muxido automatizado por lotes que combina a robotización co muxido en sala, que se chama Batch Milking, “co que non fai falta unha persoa para muxir. As vacas entran elas soas e múxense independentemente”.

“Isto é moi importante porque mellora a vida do gandeiro, xa que cada vez aumenta máis a problemática de atopar man de obra cualificada, polo que as máquinas, tal e como nos din os nosos clientes, melloran a súa calidade de vida ao eliminar o traballo de ir ao foso de muxido cada día. Así, redúcese o tempo destinado a muxido e evita buscar man de obra, polo que as máquinas son necesarias”, explican desde Tecnoagri.

En concreto, en Tecnoagri teñen distribuídas arredor de 50 unidades de máquinas en explotacións gandeiras de diferente tamaño, desde granxas pequenas cunha máquina a granxas grandes, onde hai catro ou cinco máquinas.

Ademais, outro punto a favor da tecnoloxización do sector gandeiro



é que se pode controlar toda a información relativa aos animais. “Ademais da calidade de vida, o segundo que máis valoran os nosos clientes é a cantidade de información que teñen dos animais que antes non tiñan, que está todo organizado e teñen a información actualizada para cando a queren consultar”, sosteñen desde Tecnoagri.

Así, cren engaden que o gandeiro “cada vez necesita unha maior xestión dos seus animais e hai softwares específicos para xestionar toda a explotación; desde a cantidade de animais, o tratamento e as vacinas que teñen, como vai a súa produción de leite, se hai algún problema durante o muxido, détectao... Nós traballamos coa aplicación de Delaval Delpro que xestiona todo”.

A plataforma Delaval Delpro está deseñada para proporcionar ferramentas para tomar decisións a partir da información que necesita un gandeiro sobre a súa explotación, xa que engaden continuamente datos sobre muxido, alimentación, reprodución, saúde e rendemento para entender o proceso de produción de leite de cada vaca. Así, permite administrar a granxa de maneira eficiente e rendible. Ademais, desde Tecnoagri tamén poñen en valor Delaval Plus, que é un sistema con intelixencia artificial para converter os datos que recibe o sistema e xera outros máis comprensibles para que o gandeiro entenda de forma simplificada o que está acontecendo con cada animal, permitindo a toma de decisións rápida e eficiente para mellorar o traballo na explotación.



# AGRICOLA VERES



CLAAS



GASCOIGNE



BERTOLINI



SERVICIO TÉCNICO PROPIO • 35 ANOS DE EXPERIENCIA NOS AVALAN

Avda. de Lugo, 11 - 27300 GUITIRIZ (Lugo)

Telf. 982 37 01 12 - Móvil 619 79 07 75 - agricolaveres@hotmail.com